


# Memoria de Actividades

2025

OFICINA DE COOPERACIÓN E  
VOLUNTARIADO



Vicerreitoría do Campus de Ferrol  
e Responsabilidade Social  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



**OFICINA DE COOPERACIÓN E  
VOLUNTARIADO**

Vicerreitoría do Campus de Ferrol e  
Responsabilidade Social

## **A CORUÑA**

Facultade de Socioloxía, 1.º  
Campus de Elviña  
15071 A Coruña  
Tel. 881011752  
[www.udc.gal/ocv](http://www.udc.gal/ocv)

Directora  
Acacia Naves G. Rendueles  
[direccion.ocv@udc.gal](mailto:direccion.ocv@udc.gal)

Persoal técnico  
Lorena Rilo Pérez  
[ocv@udc.gal](mailto:ocv@udc.gal)

## **FERROL**

Centro Cultural Universitario, 1.º  
Campus de Esteiro  
15403 Ferrol

Persoal técnico  
Vanessa Míguez Martín  
Tel. 881013677  
[ocvfer@udc.gal](mailto:ocvfer@udc.gal)

# 01 Cooperación

Proxectos e convenios

Estadías no Sur Global

# 02 Programas de refuxio

# 03 Educación para o desenvolvemento

Formación

Proxectos de EpD e de Educación para a  
Cidadanía Global 2025

Convocatoria OCV

# 04 Voluntariado

# 05 Aprendizaxe e Servizo

# 06 Redes e Sinerxias

# 07 Comunicación



# Quen somos?

## A Oficina de Cooperación e Voluntariado é un servizo universitario dende o ano 1996

A OCV canaliza as demandas de participación e solidariedade na busca do ben común local e global por parte da comunidade universitaria, e ofrece **espazos de participación, experiencias de solidariedade e actividades de compromiso social.**

Desta forma comprométese coa **fomación integral da persoa** e a construción dunha **cidadanía local e global activa e crítica, ao servizo dos valores e principios democráticos e do desenvolvemento humano sustentable.**




Sofía Fariña  
Bolsaira UDC



Ángel Novo  
Técnico de Proxectos




Vanessa Míguez  
Técnica da OCV



Acacia Naves  
Directora da OCV



Lorena Rilo  
Técnica da OCV



Mª Isabel López  
Técnica da OCV



Alessio Longo  
Voluntariado Internacional

# Proxectos de cooperación

## Proxecto DECO-UNI

O proxecto **Decolonizando os programas de achegamento á cooperación internacional. Avaliación participativa das estadias universitarias no Sur Global** avaliará, de forma participativa e crítica, o impacto das estadias no Sur Global na formación de estudantado e profesorado, así como a capacidade de transformación e fortalecemento das organizacións sociais do Sur Global, desde unha perspectiva decolonial.



Coordinadora UDC: Renée de Palma

Orzamento: 39 923,04 €

Orzamento UDC 2025: 7 254,66 €

Financiado pola convocatoria de Investigación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia 2025



## Proxecto CADMIO

O proxecto de **Xeración de coñecemento sobre a contaminación por metais pesados na auga subterránea do sur de Honduras** estudia a relevancia das concentracións de metais pesados, en particular do cadmio na auga e na cadea trófica, para poder confirmar ou descartar a hipótese de que esta sexa a causa principal, ou unha das causas, da altísima incidencia da enfermidade renal.



Coordinadora UDC: Acacia Naves

Orzamento: 32 000 €

Orzamento UDC 2025: 11 100 €



Financiado pola convocatoria de Investigación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia 2025



## Proxecto Mulleres á Fronte



O proxecto de **Mulleres á Fronte** consiste na creación dun grupo de investigación interuniversitario que promova o diálogo entre os saberes das mulleres do Sur Global a través das súas prácticas artísticas en dous territorios.

En Cabo Verde participan sete grupos de *batuku*, unha expresión artística que combina canto, percusión e danza. En Galicia, distintas artistas convidan a reflexionar sobre a identidade, a migración e a intersección de culturas



Coordinadora UDC: Antía Pérez

Orzamento: 40 000 €

Orzamento UDC 2025: 19 750 €

Financiado pola convocatoria de Investigación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia 2025



# Proxectos de cooperación

## Proxecto Marisqueo 2

O proxecto de **Mellora da sustentabilidade da actividade marisqueira no sur de Honduras - Fase 2** pretende mellorar a sustentabilidade da actividade marisqueira en cinco municipios hondureños, así como potenciar a gobernanza e autoxestión das mulleres e mozas marisqueiras como colectivo organizado.



Coordinador UDC: Alberto Varela

Orzamento: 262 962,14 €

Orzamento UDC 2025: 16 000 €

Financiado pola convocatoria  
de Proxecto no Exterior da  
Xunta de Galicia 2024



## Contrato Hidroxeo Honduras

Contrato de **Asesoramento e capacitación en hidroxeoloxía ao persoal técnico municipal da Mancomunidade de Municipios do Sur de Honduras** entre Enxeñería Sen Fronteiras Galicia e a FUAC, no marco do proxecto "Mellora da xestión pública e social para a gobernanza dos recursos hídricos en 9 municipios da Rexión 13 Golfo de Fonseca" financiado pola AECID.



Xestionado a través da Fundación da  
Universidade da Coruña

Orzamento: 9 179,06 €



# Proxectos de cooperación

## Convenio Bolivia AECID

**Convenio entre a AECID e a UDC para a xestión, apoio técnico e capacitación no ámbito da planificación do saneamento e drenaxe sostible no Estado Plurinacional de Bolivia.**

Conxunto de actividades de supervisión técnica e capacitación dirixidos, fundamentalmente, ao Ministerio de Medio Ambiente e Auga e ao funcionariado e persoal técnico municipal de diferentes cidades do país, co obxectivo de que as políticas de xestión dos sistemas de auga urbana contemplen unha adecuada xestión das augas pluviais.



Coordinador UDC: Joaquín Suárez

Orzamento: 141 733,30 €

Orzamento UDC 2025: 24 769,40 €

## Convenio RGCUD

**Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o proxecto de Consolidación do I Plan estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao desenvolvemento 2020-2030 e consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.**

Conxunto de actividades dirixidas a reforzar e visibilizar na axenda institucional das tres universidades a Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (CUD).

Dende a RGCUD impúlsase o voluntariado, a participación social e a formación na comunidade universitaria no eido da CUD.

No 2025 a UDC coordinou as actividades da RGCUD e xestionou o convenio.



Universidade de Vigo



Coordina: Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Orzamento: 95 000 €

Orzamento UDC 2025: 47 500 €



# Cooperación

## Estadías no Sur Global

### Proxectos de coñecemento da realidade (PCR)

Iniciativa en que o alumnado da UDC ten a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadía de cooperación de **1 a 3 meses en países do Sur Global**.

O traballo desenvolto pode ser validado co proxecto de fin de grao ou máster, prácticas curriculares ou extracurriculares.

Financiación propia da UDC: **7000 €** no 2025



### Proxectos de coñecemento da cooperación (PCC)

Iniciativa de formación e colaboración para o Persoal Docente Investigador (**PDI**) e o Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos (**PTXAS**), que posibilita estadías de **1 a 4 semanas en países do Sur Global**.

A través da participación en proxectos de **Cooperación Internacional** ou de **Educación para o Desenvolvemento**, teñen a oportunidade de formarse e participar nun proxecto en terreo onde intercambiar coñecementos.


Financiación propia da UDC: **3 982,32 €** no 2025



# Cooperación

## Pegada internacional

**Dende 2006, 160 alumnos e alumnas** colaboraron en máis de **78 proxectos** de cooperación en **26 países** de todo o mundo. Pola súa banda, **dende 2012, 43 PDI e PTXAS** colaboraron en **31 proxectos** de cooperación levados a cabo en **14 países** de todo o mundo.



# Cooperación

## Cooperantes en 2025



Lara Blanco

Estudiante do **Máster en Políticas Sociais e Intervención Comunitaria**, colaborou en **Guatemala** coa ONG Siembra a través de Solidaridade Internacional de Galicia. Contribuiu a mellorar a seguridade alimentaria e as condicións ambientais das mulleres nas comunidades indíxenas.

Estudiante de **Educación Social**, colaborou en **Honduras** con FUNDACOES a través de ACOES Galicia con Honduras.

Participou nas aulas das casas Progresum populorum compartindo diferentes metodoloxías educativas.



Aroa Fernández

Estudiante do **Máster en Políticas Sociais e Intervención Comunitaria**, colaborou na **India** coa Escuela Shantidi a través de Paathsla NGO. A súa labor principal foi a ensinanza do inglés coas crianzas e a realización de actividades de sensibilización coa poboación adulta.



María Goretti



Elena  
Mandinabeitia

PDI do **Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación**, colaborou en **El Salvador** con Ayuda en Acción El Salvador a través de Fundación Ayuda en Acción. O seu proxecto contribuiu á atención da saúde mental e o benestar emocional de nenos e nenas e adolescentes vulnerables, a través da educación física e o xogo.

PDI do **Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación**, colaborou en **Angola** coa *Escola Bg-1024 Missionaria Paróquia Santo Estevão*. No seu proxecto realizou varios seminarios de formación con grupos de docentes en temáticas suxeridas polo propio persoal docente, entre eles, a metodoloxía ApS.



José M. Malheiro

# Programas de refuxio



O Programa Abriga pretende **garantir o acceso á educación superior das persoas demandantes de asilo, procedentes de zonas de conflito ou de países que reciben Axuda Oficial ao Desenvolvemento**, facilitándolles o acceso aos graos e mestrados da UDC.

Dito programa cubre taxas e prezos públicos das matrículas, apoia o aloxamento en residencias universitarias públicas, e aporta pequenas axudas económicas coa finalidade de **promover a igualdade de oportunidades entre o alumnado**.

Neste proxecto colaboran os servizos sociais dos concellos da contorna e diversas entidades como Ecos do Sur e Cruz Vermella. Apoiando a **23 persoas de 9 países** diferentes: Colombia, Venezuela, Irán, Ucraia, Perú, Bangladesh, Guinea Ecuatorial, México e Palestina.




Financiación total 2025: **26 630,28 €**

Fondos UDC Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social: 12 380,28 €

Fondos UDC Vicerreitoría de Titulacións e Internalización: 3 000 € (Enquisas "Avaliemos")

Diputación da Coruña: 11 250 €



O Programa *Learn Africa* da Fundación Mujeres por África pretende favorecer as competencias profesionais de mulleres africanas, potenciando o intercambio de coñecementos.

A UDC colaborou con este programa financiando con fondos propios as matrículas e taxas do Máster Universitario de Eficiencia Enerxética e Sostenibilidade, a **2 mulleres** dos seguintes países: Cabo Verde e Guinea Ecuatorial.

A financiación deste proxecto foi de **1 798 €** no 2025

# Educación para o desenvolvemento

## Cursos de formación

### Formación básica

No **Curso de Introducción ao Voluntariado**, trátanse os conceptos de voluntariado, as súas motivacións e actitudes, a lexislación, a ética e a confidencialidade...

A formación é totalmente **gratuíta**.



Financia:  

### Investigación e Innovación responsable

Curso destinado ás **persoas doutorandas**, co obxectivo de achegar os **resultados da I+D+I** cos valores, necesidade e expectativas da sociedade, fomentando unha produción científica ética, sostible e comprometida.



Financia:  

### Formación en Cooperación



Curso obrigatorio para aquelas persoas que vaian a formar parte dun dos proxectos de coñecemento, **PCC ou PCR**, que afonda en aspectos relacionados coa **cooperación ao desenvolvemento, a seguridade ou as boas prácticas** como cooperantes, a través dunha **mirada decolonial**.

Financia:  



### Xornadas Persoas Sen Fogar, Migración e Senfogarismo



A través de diversas voces, reflexionouse sobre a realidade social do senfogarismo, atendendo á **multidimensionalidade da problemática**, ademais de plantexar novas propostas de futuro para mellorar a intervención.

Financia:  Oficina de Cooperación  
e Voluntariado Universidade  
da Coruña

# Educación para o desenvolvemento

## Cursos de formación

### I Simposio Interuniversitario. Aprendizaxe, Servizo e Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento



O obxectivo deste simposium foi promover o coñecemento da metodoloxía Aprendizaxe e servizo relacionada coa Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento na Universidade, e reflexionar sobre o potencial desta metodoloxía para o cumprimento da Axenda 2030, ademais de compartir experiencias entre as tres universidades públicas galegas.

Financia:  COOPERACIÓN GALEGA  RGCUD

### VI Xornada Tecnoloxía para o Ben Común



Estas xornadas tiveron lugar na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

Nesta ocasión reuníronse docentes, persoal investigador e persoal técnico das universidades galegas, xunto con representantes das ONG colaboradoras coa rede.

Na xornada destacou o papel da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD) como un espazo de divulgación e cooperación entre profesionais, e adiantouse información acerca da 3ª Convocatoria de Proxectos de Investigación.

Financia:  COOPERACIÓN GALEGA  RGCUD

### Participación

Formación básica

	♂	♀	Total
Formación básica	4	42	46
Investigación e Innovación responsable	9	42	51
Formación en Cooperación	2	4	6
Xornadas Persoas Sen Fogar, Migración e Senfogarismo	8	60	68
VI Xornada Tecnoloxía para o ben común	12	10	22

Investigación e Innovación responsable

Formación en Cooperación

Xornadas Persoas Sen Fogar, Migración e Senfogarismo

VI Xornada Tecnoloxía para o ben común

# Educación para o desenvolvemento

## Proxectos de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global 2025



*Agra: un barrio de coidados. Fortalecidas as capacidades para a defensa do Dereito ao Hábitat, no marco da Axenda 2030-ODS, desde a participación social comunitaria e a perspectiva interseccional. Fase 3*

Tomando coma contexto de traballo o barrio coruñés do **Agra do Orzán**, a proposta pretende poñer en práctica e fortalecer capacidades críticas, poñer en valor as **fortalezas do barrio** desde a perspectiva do coidado, **tecer redes** que fortalezan a **convivencia intercultural** e espallar coñecemento para que a poboación sexa capaz de analizar a súa contorna, achegándose e apropiándose da Axenda 2030 e os ODS.

Orzamento fase 2: 52 500 €. Orzamento UDC: 3 200 €

Orzamento fase 3: 54 800 €. Orzamento UDC 2025: 2 340 €

### Voces do proxecto



**Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión nas escolas técnicas da universidade galega. Fase 3**




Este proxecto fomenta a **creación dunha rede** composta por persoas investigadoras das tres universidades públicas galegas, que traballan para facer posible unha **Tecnoloxía para o Ben Común** dentro da **Cooperación Galega**. Nesta rede tamén participan as **ONGD**, as **autoridades locais** e grupos da **sociedade civil** no Sur e Norte Global.

Orzamento: 54 650 €


Orzamento UDC 2025: 5 540 €



### Rostros da rede



Financiado polas convocatorias de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global da Xunta de Galicia 2024 e 2025



Financiado pola convocatoria de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global da Xunta de Galicia 2025

# Educación para o desenvolvemento

## Convocatoria de Educación para o Desenvolvemento, Sensibilización e Participación Social da OCV

A Oficina de Cooperación e Voluntariado publica a súa **propia convocatoria** para actividades de educación para o desenvolvemento, educación para a cidadanía global, sensibilización, participación e aprendizaxe e servizo, para actividades que desenvolven dentro da UDC membros da comunidade universitaria (Estudantes, PDI e PTXAS)

No 2025 desenvóléronse **5 proxectos**, que recibiron unha financiación total de **3 368,14 €** de fondos propios da UDC.



*Instalación sonora "Bosque Máxico":  
Unha experiencia creativo-sensorial  
con nenos e nenas de Educación  
Infantil.*

O alumnado do grao de Educación Infantil construiu e dinamizou unha experiencia integradora para nenos e nenas (0-6 anos), a través dunha instalación sonora. Esta iniciativa formou parte dun APS.

Financiados: **385 €**



*Turismo para todas as  
persoas – minimizando custos  
e maximizando beneficios.*

O alumnado do grao de Turismo realizou esta actividade coa Asociación ASPACE, para mellorar a comunicación das persoas con diversidade funcional no seu ocio e actividades turísticas.

Financiados: **907,52 €**

# Educación para o desenvolvemento


## Convocatoria de Educación para o Desenvolvemento, Sensibilización e Participación Social da OCV



*Mulleres e coidados na fronteira sur. Métodos para o estudo.*

Estas xornadas supuxeron un espazo de reflexión e debate arredor das desigualdades de xénero e os procesos migratorios, poñendo o foco nas experiencias das mulleres e nas metodoloxías para abordar o seu estudo.

Financiados: **893,62 €**



*Dereitos humanos e educación contra o xenocidio e a colonización.*

Nesta xornada fíxose unha reflexión sobre o papel da educación contra o xenocidio e a vulneración dos dereitos humanos. Presentáronse experiencias educativas sobre o xenocidio en Gaza, e deuse a coñecer o labor e relevancia das escolas da UNRWA en Palestina, como garante do dereito á educación do pobo palestino

Financiados: **850 €**



*Realización dun mural colectivo contra o xenocidio e polos dereitos humanos en Gaza, a prol da paz, a xustiza e a reparación.*

Realización dun mural colectivo por parte da comunidade académica da Universidade da Coruña (PDI; alumnado e PTXAS) no Campus de Elviña.

Financiados: **333 €**

# Outras iniciativas

## Xornada de Benvida 2025

A OCV participou na Xornada de Benvida organizada nos campus de Coruña e Ferrol para celebrar o inicio do curso universitario 2025-2026 e **animar** ao novo estudiantado a facer **voluntariado**.



## Sensiabrazos

Charla xunto a Manos Unidas sobre a **experiencia en República Dominicana** desta entidade, levada a cabo na facultade de Ciencias da Saúde.



## Móvete polos ODS

Iniciativa co obxectivo de **promover a reflexión e a acción arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible** (ODS) a través da creatividade audiovisual. O alumnado participante elaborou **vídeos** nos que amosan diferentes maneiras de contribuír a un mundo máis xusto, igualitario e respectuoso co medio ambiente




# Voluntariado

A OCV potencia a participación e o voluntariado entre o seu estudiantado, por iso, ten proxectos propios (en hospitais, aulas de apoio educativo ou español para persoas estranxeiras) e proxectos en colaboración coas entidades da contorna da Coruña e Ferrol.



## PARTICIPANTES POR PROXECTOS



### Ámbitos

♂ / ♀

Ámbitos	♂	♀	Total
Sociosanitario	2	14	16
Exclusión Social	2	2	4
Menores	1	41	42
Sensibilización	0	5	5
Inmigración	0	5	5
Diversidade Funcional	2	5	7
Maiores	2	6	8
Reciclaxe / TIC	3	0	3

## TOTAL

## 90



# Aprendizaxe e servizo

## Que é o Aprendizaxe e servizo?

O APS é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e servizo á comunidade nun solo proxecto, no cal as persoas participantes fórmanse **traballando sobre as necesidades reais do entorno, co obxectivo de melloralo.**

Dentro do plan de estudos da UDC, unha proposta ApS podería efectuarse no marco das distintas materias da titulación, así como tamén nos **TFG, TFM ou prácticas.**

No 2025

140


Profesorado

71

Proxectos

2062

Alumnado



# Aprendizaxe e servizo

## 10º aniversario do ApS na UDC

En xuño de 2025 a Universidade da Coruña organizou unha **xornada de celebración** polo décimo aniversario, e como recoñecemento a todas as persoas implicadas na posta en práctica desta metodoloxía na UDC.

A xornada, celebrada no campus de Ferrol, incluíu:

Conferencia “Dez anos de aprendizaxe Servizo na UDC”. Ana Ares.

Feira de entidades

Inauguración da exposición de proxectos

Estrea do vídeo “10º aniversario da APS na UDC”

Actuacións musicais

Entrega dos IV Premios de Innovación Docente en Aprendizaxe e servizo




# Aprendizaxe e servizo

## Entidades colaboradoras



# REDES E SINERXIAS



# Oficina de Cooperación e Voluntariado

As nosas  
redes

Contáctanos



[ocv@udc.gal](mailto:ocv@udc.gal) / [ocvfer@udc.gal](mailto:ocvfer@udc.gal)



[udc.es/ocv/](http://udc.es/ocv/)



881 011 752 / 881 013 677